ORIENTACIÓNS
ANALISE MUSICAL II

Continuando na liña establecida no curso (2024-2025) o deseño competencial da Proba de Acceso á Universidade (PAU) implica que se avalíe a capacidade do alumnado para poñer en xogo os coñecementos adquiridos ao longo do bacharelato, co obxectivo de resolver as situacións e cuestións presentadas nas diferentes preguntas da proba. Na avaliación dos resultados correspondentes á convocatoria de 2026, constátase que o alumnado ten abordado satisfactoriamente o perfil competencial da proba. Para a convocatoria de 2027, de acordo coas indicacións recibidas da CIUG, manteránse os modelos, materiais e orientacións da convocatoria de 2026.

Os contidos previstos para a preparación da proba son os establecidos no currículo da materia, de acordo cos bloques descritos na normativa básica do Estado e de modo máis específico na normativa autonómica (Decreto 157/2022) que para Análise Musical II, distribúense en dous bloques: Bloque 1, Técnicas de Análise Musical; Bloque 2, Xéneros Musicais. Se ben os contidos propios de cada bloque están orientados ao que se poderían considerar contidos sistemáticos (Bloque 1) e contidos que implican un desenvolvemento histórico (Bloque 2) respectivamente, na práctica ambos bloques atópanse estreitamente relacionados, como proba a coincidencia de algúns dos contidos específicos (CE1.3 = CE2.2, aínda que orientados a obxectivos distintos). É por iso que algunhas preguntas da proba poden estar orientadas a satisfacer estes diferentes obxectivos respecto duns mesmos contidos. En última instancia, subliñamos, espérase do alumnado que sexa capaz de comprender os contextos que se presentan, partindo das descricións que se achegan en cada caso, e de contestar as preguntas, relacionando coñecementos e creando respostas orixinais que, sendo diversas entre diferentes alumnos ou alumnas, poden ser perfectamente correctas en todos os casos.

Observarase que as preguntas teñen un alcance competencial diverso, de modo que xunto con preguntas de un perfil baseado na relación de conceptos e creación de respostas orixinais con un carácter aberto, preséntase preguntas que apelan en maior medida á asimilación previa de conceptos e con respostas máis pechadas

En relación cos contidos, como indicamos, estes son os establecidos no currículo da materia con carácter prescriptivo. Neste documento presentamos unha proposta de contidos con carácter orientativo, en relación coas diferentes preguntas do modelo de exame e cos seus perfís competenciais específicos, que poden ser variables. Se ben teñen como dicimos un carácter orientativo, intentan facilitar a acción docente, ao tempo que proporcionar ao alumnado un estándar respecto do nivel de esixencia da proba e da variabilidade dos contidos esixibles.

A partir da experiencia da corrección e avaliación das probas realizadas na convocatoria de 2025, así como de consultas recibidas por parte de docentes e alumnado ao longo do

curso anterior, creemos útil precisar algúns aspectos referidos ás diferentes preguntas que conforman a proba.

O enunciado da **Pregunta 1** pide do alumnado que prepare un podcast, polo que se valorará que o texto elaborado atenda a este perfil divulgativo e comunicativo. Con frecuencia as respostas teñen un estilo formal puramente descritivo que, se ben pode ser correcto nos contidos, adoece de orixinalidade. Cómpre que o alumnado intente desenvolver un estilo máis persoal, sen descoidar obviamente os contidos académicos necesarios.
Os contidos propostos neste mesmo documento para esta pregunta 1, son conscientemente abertos dentro da indicación de autor e xénero; pois se se concretasen obras específicas, non se atendería ao necesario perfil competencial que a pregunta pretende e sería doado caer na simple memorización de descritores de obras, elaborados previamente. O profesorado da materia poderá realizar unha selección de obras dentro do autor/xénero indicado en cada caso, sen pretender cubrir a completitude dos exemplos posibles e tendo en conta tamén o tamaño das obras; p.e. dos villancicos de Juan de la Encina abonda con traballar dous ou tres; dos nocturnos de Chopin un ou dous dos vinteún deste autor deberían ser suficientes; dos moitos concertos para violín de Vivaldi, un deles abonda para comprender a estrutura da forma de concerto no barroco; e o mesmo no caso das sonatas de Mozart ou do xenero do cuarteto en Beethoven. O que se demanda do alumnado non é o coñecemento de todo o repertorio (obxectivo completamente fora de lugar), senón a capacidade de identificar e diferenciar os xéneros e os estilos, a partir de exemplos concretos, debidamente escollidos e traballados nas clases. Por outra parte, o feito de que no exame se indique o autor e o título da obra proposta, permite ao alumnado centrarse no desenvolvemento das capacidades de análise, con moita máis seguridade que se tivese que identificar unha obra carecendo destes datos.

Na **pregunta 2**, a obra proposta na proba contén, cando menos para algúns dos apartados da pregunta, máis respostas correctas posibles que as solicitadas. Por exemplo, se se pide identificar unha 5ª xusta, na obra hai varias, de modo que o alumnado pode escoller o exemplo no que teña máis seguridade. Do mesmo xeito, **na pregunta 3** o alumnado dispón de máis respostas correctas que as solicitadas.

Finalmente **na pregunta 4**, debe intentarse non só describir os dous términos que se escollan, senón explicar tamén cal é a relación que existe entre eles, tal e como se solicita no enunciado da pregunta. Frecuentemente o alumnado responde coas definicións, pero mostra dificultades para completar a parte máis competencial da pregunta, que implica relacionar conceptualmente estas descricións.

CONTIDOS

Pregunta 1.
Autores, con indicación de xénero/s específicos.

Juan de la Encina. Villancico
Giovanni P. Palestrina. Misa, Motete
Claudio Monteverdi. Madrigal
Antonio Vivaldi. Concerto para violín solista
Juan Sebastián Bach. Cantata luterana
George F. Haendel. Ópera (aria, recitativo)
Wolfgang A. Mozart. Sonata para piano
Ludwig van Beethoven. Cuarteto para cordas
Franz J. Haydn. Sinfonía.
Frederick Chopin. Nocturno para piano
Franz Schubert. Lied
Claude Debussy. Pezas para piano (Arabescas, Preludios)
Manuel de Falla. Canciones españolas

Pregunta 2.
Inclúense os contidos técnicos previstos no currículo do curso e materia.

Pregunta 3.
Atenderase particularmente aos xéneros relacionados para a Pregunta 1.

Pregunta 4.
Glosario

1. Alteracións: son uns signos que, colocados antes da nota e ao seu mesmo nivel, modifican a altura das notas naturais. Son: dobre díese, díese, becuadro, bemol e dobre bemol.

2. Ámbito melódico: é o intervalo entre a nota máis grave e a máis aguda dunha melodía.

3. Anacruse: nota ou grupo de notas iniciais dunha frase que, ao non levar acento, preceden a un tempo forte ou acentuado.

4. Aria: é unha composición musical para voz solista con acompañamento, xeralmente dentro de unha obra musical maior e cuxa estrutura varía no tempo. Tamén se denomina así a unha peza instrumental escrita neste estilo.

5. Armadura: é o conxunto de alteracións colocadas ao principio do pentagrama, entre a clave e o compás, que nos indican a tonalidade da obra musical.

6. Baixo Alberti: é unha figura de acompañamento situada na man esquerda da música para teclado do século XVIII, na que as notas do acorde tócanse sucesivamente nunha determinada orde.

7. Baixo cifrado: unha melodía de baixo á que se lle engaden números arábigos para indicar as harmonías do acompañamento.

8. Baixo continuo: é unha liña de baixo independente que se prolonga ao longo dunha peza musical e sobre o que se realizan harmonías cun instrumento polifónico.

9. Cadencia: fragmento co que se conclúe unha frase, sección ou toda a obra. É un termo sinónimo de repouso.

10. Caldeirón: é un semicírculo cun punto dentro que colocado encima ou debaixo dunha nota musical ou silencio, permite ao executante/s aumentar a súa duración segundo o seu criterio.

11. Clave: é un signo que, colocado ao principio do pentagrama e sobre unha das súas liñas, determina o nome e a altura absoluta da nota colocada na devandita liña e correlativamente, das demais.

12. Coda: é unha sección conclusiva engadida que segue ao que sería a conclusión estrutural dunha obra, ampliando a sección cadencial.

13. Retrouso: texto e/ou música que se repite a intervalos regulares no curso dunha obra musical.

14. Figuras musicais: son as distintas formas que adoptan as notas musicais para determinar a súa duración (redonda, branca, negra, etc.)

15. Imitación: procedemento contrapuntístico consistente na presentación sucesiva dun mesmo material melódico ou rítmico en dúas ou máis voces, sen que se reproduza o devandito material de forma necesariamente exacta.

16. Intervalo: diferenza de altura entre dous sons que se poden oír sucesiva ou simultaneamente. Na música occidental a distancia máis pequena entre dous sons é o semitón.

17. Instrumentación ou orquestración: é o resultado tímbrico da combinación concreta dos instrumentos e/ou voces, utilizados nunha peza musical.

18. Melodía acompañada: é unha textura composta por unha liña melódica que se escoita en primeiro plano e outro material sonoro, normalmente harmónico, que fai o acompañamento nun segundo plano.

19. Modulación: é o proceso mediante o que se produce un cambio de tonalidade na música tonal. Pode ser un proceso sinxelo ou complexo dependendo da intencionalidade do compositor.

20. Notas a contratempo: notas que, precedidas e seguidas de silencio, ocupan unha parte ou tempo débil no compás.

21. Nota de paso: son notas alleas ao acorde e situadas habitualmente en parte ou fracción débil do compás. Estas notas conectan por movemento conxunto dúas notas reais do acorde.

22. Nota pedal: nota mantida nunha voz, xeralmente na voz do baixo, aínda que pode aparecer en voces superiores, e sobre a que se realizan diversas harmonías e/ou melodías.

23. Recitativo: é un estilo de composición sobre un texto, no que se imitan e subliñan as inflexións, os ritmos e a sintaxe da fala natural. Emprégase na ópera e noutros xéneros, cun acompañamento instrumental sinxelo.

24. Romance: é un xénero musical do renacemento español. A súa forma estrutural consiste nunha melodía de catro frases musicais que se repiten para cada estrofa do texto.

25. Rondó: forma musical na que hai unha reaparición constante dunha sección chamada retrouso que alterna con outras chamadas coplas ou estrofas.

26. Nota sensible: a sétima nota das escalas maiores e menores (harmónica e melódica) que vai en sentido ascendente, a medio ton da tónica.

27. Síncope: son que comeza en tempo ou parte débil e prolóngase sobre a parte ou tempo forte do compás.

28. Sprechstimme: trátase da utilización da voz a medio camiño entre a fala e o canto. Require unicamente a reprodución aproximada da altura das notas. Adoita escribirse cunha (x) como cabeza da nota ou sobre a plica.

29. Suite: é unha composición instrumental que resulta da sucesión de varios movementos independentes. No renacemento e no barroco a suite componse dunha sucesión de danzas contrastantes en carácter e velocidade.

30. Tabulatura: notación musical que utiliza letras, números ou outros signos para especificar a música en orde á execución nun instrumento musical, no canto da notación convencional en pentagrama.

31. Texturas homofónica e contrapuntística: homofónica é cando as melodías que interveñen seguen unha rítmica case idéntica, de forma simultánea. Contrapuntística é cando as liñas melódicas son independentes.

32. Textura monofónica e polifónica: cando soa unha única melodía temos unha textura monofónica, tamén chamada monódica; cando hai dúas ou máis liñas melódicas superpostas, é textura polifónica.

33. Textura musical: forma na que os materiais melódicos, rítmicos e harmónicos se combinan nunha composición, determinando así a calidade sonora global dunha peza.

34. Tonalidade: sistema xerárquico de ordenamento de sons de diferente altura (normalmente de unha escala de sete notas nunha oitava) en relación cun son de referencia, chamado tónica.

35. Tono homónimo: é a tonalidade de igual nome e distinto modo, por exemplo: Dó maior e Dó menor.

36. Tono relativo: é a tonalidade de igual número de alteracións fixas (armadura) e distinto modo doutra tonalidade dada. Están entre si a distancia dunha terceira menor, por exemplo: Dó maior e La menor.

37. Tons (ou tonalidades) veciños: chámase así ao conxunto de tonalidades respecto dun ton dado, conformado pola tonalidade relativa e as tonalidades cunha alteración de máis ou de menos en relación coa dada.

38. Tríada: acorde de tres notas construído por superposición de terceiras (terceira e quinta). Dependendo dos intervalos pode ser: aumentada, maior, menor, etc.

39. Timbre: é a cualidade do son que diferencia unha mesma altura cando é interpretada por instrumentos ou voces diferentes.

40. Villancico: é unha forma musical que foi moi popular en España e Portugal entre os séculos XV e XVIII. Orixinariamente eran composicións profanas con retrouso, a varias voces (vogais e/ou instrumentais) e de orixe popular, de aí o nome.

ORIENTACIONES
ANALISIS MUSICAL II

Continuando en la línea establecida en el curso (2024-2025) el diseño competencial de la Prueba de Acceso a la Universidad (PAU) implica que se evalúe la capacidad del alumnado para poner en juego los conocimientos adquiridos a lo largo del bachillerato, con el objetivo de resolver las situaciones y cuestiones presentadas en las diferentes preguntas de la prueba. En la evaluación de los resultados correspondientes a la convocatoria de 2026, se constata que el alumnado ha abordado satisfactoriamente el perfil competencial de la prueba. Para la convocatoria de 2027, de acuerdo con las indicaciones recibidas de la CIUG, se mantendrán los modelos, materiales y orientaciones de la convocatoria de 2026

Los contenidos previstos para la preparación de la prueba son los establecidos en el currículo de la materia, de acuerdo con los bloques descritos en la normativa básica del Estado y de modo más específico en la normativa autonómica (Decreto 157/2022) que para Análisis Musical II, se distribuyen en dos bloques: Bloque 1, Técnicas de Análisis Musical; Bloque 2, Géneros Musicales. Si bien los contenidos propios de cada bloque están orientados a lo que se podrían considerar contenidos sistemáticos (Bloque 1) y contenidos que implican un desarrollo histórico (Bloque 2) respectivamente, en la práctica ambos bloques se encuentran estrechamente relacionados, como prueba la coincidencia de algunos de los contenidos específicos (CE1.3 = CE2.2, aunque orientados a objetivos distintos). Es por eso que algunas preguntas de la prueba pueden estar orientadas a satisfacer estos diferentes objetivos respeto de unos mismos contenidos. En última instancia, subrayamos, se espera del alumnado que sea capaz de comprender los contextos que se presentan, partiendo de las descripciones que se acercan en cada caso, y de contestar a las preguntas, relacionando conocimientos y creando respuestas originales que, siendo diversas entre diferentes alumnos o alumnas, pueden ser perfectamente correctas en todos los casos.

Se observará que las preguntas tienen un alcance competencial diverso, de modo que junto con preguntas de un perfil basado en la relación de conceptos y creación de respuestas originales con un carácter abierto, se presentan preguntas que apelan en mayor medida a la asimilación previa de conceptos y con respuestas más cerradas

En relación con los contenidos, como indicamos, estos son los establecidos en el currículo de la materia con carácter prescriptivo. En este documento presentamos una propuesta de contenidos con carácter orientativo, en relación con las diferentes preguntas del modelo de examen y con sus perfiles competenciales específicos, que pueden ser variables. Si bien tienen como decimos un carácter orientativo, intentan facilitar la acción

docente, al tiempo que proporcionar al alumnado un estándar respecto del nivel de exigencia de la prueba y de la variabilidad de los contenidos exigibles.

A partir de la experiencia de la corrección y evaluación de las pruebas realizadas en la convocatoria de 2025, así como de consultas recibidas por parte de docentes y alumnado a lo largo del curso anterior, creemos útil precisar algunos aspectos referidos a las diferentes preguntas que conforman la prueba.

El enunciado de la **Pregunta 1** pide del alumnado que prepare un podcast, por lo que se valorará que el texto elaborado atienda a este perfil divulgativo y comunicativo. Con frecuencia las respuestas tienen un estilo formal puramente descriptivo que, si bien puede ser correcto en los contenidos, adolece de originalidad. Es necesario que el alumnado intente desarrollar un estilo más personal, sin descuidar obviamente los contenidos académicos necesarios.
Los contenidos propuestos en este mismo documento para esta pregunta 1, son conscientemente abiertos dentro de la indicación de autor y género; pues si se concretaran obras específicas, no se atendería al necesario perfil competencial que la pregunta pretende y sería fácil caer en la simple memorización de descriptores de obras, elaborados previamente. El profesorado de la materia podrá realizar una selección de obras dentro del autor/género indicado en cada caso, sin pretender cubrir la completitud de los ejemplos posibles y teniendo en cuenta también el tamaño de las obras; p.e. de los villancicos de Juan de lana Encina es suficiente con trabajar dos o tres; de los nocturnos de Chopin uno o dos de los ventiuno de este autor deberían ser suficientes; de los muchos conciertos para violín de Vivaldi, uno de ellos es suficiente para comprender la estructura de la forma de concierto en el barroco; y el mismo en el caso de las sonatas de Mozart o del género del cuarteto en Beethoven. Lo que se demanda del alumnado no es el conocimiento de todo el repertorio (objetivo completamente fuera de lugar), sino la capacidad de identificar y diferenciar los géneros y los estilos, a partir de ejemplos concretos, debidamente escogidos y trabajados en las clases. Por otra parte, el hecho de que en el examen se indique el autor y el título de la obra propuesta, permite al alumnado centrarse en el desarrollo de las capacidades de análisis, con mucha más seguridad que si tuviese que identificar una obra careciendo de estos datos.

En la **pregunta 2,** la obra propuesta en la prueba contiene, cuando menos para algunos de los apartados de la pregunta, más respuestas correctas posibles que las solicitadas. Por ejemplo, si se pide identificar una 5ª justa, en la obra hay varias, de modo que el alumnado puede escoger el ejemplo en el que tenga más seguridad. Del mismo modo, en la **pregunta 3** el alumnado dispone de más respuestas correctas que las solicitadas.

Finalmente en la **pregunta 4**, debe intentarse no solo describir los dos términos que se escojan, sino explicar también cuál es la relación que existe entre ellos, tal y como se solicita en el enunciado de la pregunta. Frecuentemente el alumnado responde con las definiciones, pero muestra dificultades para completar la parte más competencial de la pregunta, que implica relacionar conceptualmente estas descripciones.

CONTENIDOS

Pregunta 1.
Autores, con indicación de género/s específicos.

Juan de la Encina. Villancico
Giovanni P. Palestrina. Misa, Motete
Claudio Monteverdi. Madrigal
Antonio Vivaldi. Concierto para violín solista
Juan Sebastián Bach. Cantata luterana
George F. Haendel. Ópera (aria, recitativo)
Wolfgang A. Mozart. Sonata para piano
Ludwig van Beethoven. Cuarteto para cuerdas
Franz J. Haydn. Sinfonía.
Frederick Chopin. Nocturno para piano
Franz Schubert. Lied
Claude Debussy. Piezas para piano (Arabescas, Preludios)
Manuel de Falla. Canciones españolas

Pregunta 2.
Se incluyen los contenidos técnicos previstos en el currículo del curso y materia.

Pregunta 3.
Se atenderá particularmente a los géneros relacionados para la Pregunta 1.

Pregunta 4.
Glosario

1. Alteraciones: son unos signos que, colocados antes de la nota y a su mismo nivel, modifican la altura de las notas naturales. Son: doble sostenido, sostenido, becuadro, bemol y doble bemol.

2. Ámbito melódico: es el intervalo entre la nota más grave y la más aguda de una melodía.

3. Anacrusa: nota o grupo de notas iniciales de una frase que, al no llevar acento, preceden a un tiempo fuerte o acentuado.

4. Aria: es una composición musical para voz solista con acompañamiento, generalmente dentro de una obra musical mayor y cuya estructura varía en el tiempo. También se denomina así a una pieza instrumental escrita en este estilo.

5. Armadura: es el conjunto de alteraciones colocadas al principio del pentagrama, entre la clave y el compás, que nos indican la tonalidad de la obra musical.

6. Bajo Alberti: es una figura de acompañamiento situada en la mano izquierda de la música para teclado del siglo XVIII, en la que las notas del acorde se tocan sucesivamente en un determinado orden.

7. Bajo cifrado: una melodía de bajo a la que se le añaden números arábigos para indicar las armonías del acompañamiento.

8. Bajo continuo: es una línea de bajo independiente que se prolonga a lo largo de una pieza musical y sobre lo que se realizan armonías con un instrumento polifónico.

9. Cadencia: fragmento con el que se concluye una frase, sección o toda la obra. Es un término sinónimo de reposo.

10. Calderón: es un semicírculo con un punto dentro que colocado encima o debajo de una nota musical o silencio, permite al ejecutante/s aumentar su duración según su criterio.

11. Clave: es un signo que, colocado al principio del pentagrama y sobre una de sus líneas, determina el nombre y la altura absoluta de la nota colocada en la dicha línea y correlativamente, de las demás.

12. Coda: es una sección conclusiva añadida que sigue a lo que sería la conclusión estructural de una obra, ampliando la sección cadencial.

13. Estribillo: texto y/o música que se repite a intervalos regulares en el curso de una obra musical.

14. Figuras musicales: son las distintas formas que adoptan las notas musicales para determinar su duración (redonda, blanca, negra, etc.)

15. Imitación: procedimiento contrapuntístico consistente en la presentación sucesiva de un mismo material melódico o rítmico en dos o más voces, sin que se reproduzca dicho material de forma necesariamente exacta.

16. Intervalo: diferencia de altura entre dos sonidos que se pueden oír sucesiva o simultáneamente. En la música occidental la distancia más pequeña entre dos sonidos es el semitono.

17. Instrumentación u orquestación: es el resultado tímbrico de la combinación concreta de los instrumentos y/o voces, utilizados en una pieza musical.

18. Melodía acompañada: es una textura compuesta por una línea melódica que se escucha en primer plano y otro material sonoro, normalmente armónico, que hace el acompañamiento en un segundo plano.

19. Modulación: es el proceso mediante lo que se produce un cambio de tonalidad en la música tonal. Puede ser un proceso sencillo o complejo dependiendo de la intencionalidad del compositor.

20. Notas a contratiempo: notas que, precedidas y seguidas de silencio, ocupan una parte o tiempo débil en el compás.

21. Nota de paso: son notas ajenas al acorde y situadas habitualmente en parte o fracción débil del compás. Estas notas conectan por movimiento conjunto dos notas reales del acorde.

22. Nota pedal: nota mantenida en una voz, generalmente en la voz del bajo, aunque puede aparecer en voces superiores, y sobre la que se realizan diversas armonías y/o melodías.

23. Recitativo: es un estilo de composición sobre un texto, en el que se imitan y subrayan las inflexiones, los ritmos y la sintaxis del habla natural. Se emplea en la ópera y en otros géneros, con un acompañamiento instrumental sencillo.

24. Romance: es un género musical del renacimiento español. Su forma estructural consiste en una melodía de cuatro frases musicales que se repiten para cada estrofa del texto.

25. Rondó: forma musical en la que hay una reaparición constante de una sección llamada estribillo que alterna con otras llamadas coplas o estrofas.

26. Nota sensible: la séptima nota de las escalas mayores y menores (armónica y melódica) que va en sentido ascendente, a medio tono de la tónica.

27. Síncopa: sonido que comienza en tiempo o parte débil y se prolonga sobre la parte o tiempo fuerte del compás.

28. Sprechstimme: se trata de la utilización de la voz a medio camino entre el habla y el canto. Requiere únicamente la reproducción aproximada de la altura de las notas. Suele escribirse con una (x) como cabeza de la nota o sobre la plica.

29. Suite: es una composición instrumental que resulta de la sucesión de varios movimientos independientes. En el renacimiento y en el barroco la suite se compone de una sucesión de danzas contrastantes en carácter y velocidad.

30. Tablatura: notación musical que utiliza letras, números u otros signos para especificar la música para a la ejecución en un instrumento musical, en lugar de la notación convencional en pentagrama.

31. Texturas homofónica y contrapuntística: homofónica es cuando las melodías que intervienen siguen una rítmica casi idéntica, de forma simultánea. Contrapuntística es cuando las líneas melódicas son independientes.

32. Textura monofónica y polifónica: cuando suena una única melodía tenemos una textura monofónica, también llamada monódica; cuando hay dos o más líneas melódicas superpuestas, es textura polifónica.

33. Textura musical: forma en la que los materiales melódicos, rítmicos y armónicos se combinan en una composición, determinando así la calidad sonora global de una pieza.

34. Tonalidad: sistema jerárquico de ordenamiento de sonidos de diferente altura (normalmente de una escala de siete notas en una octava) en relación con un sonido de referencia, llamado tónica.

35. Tono homónimo: es la tonalidad de igual nombre y distinto modo, por ejemplo: Do mayor y Do menor.

36. Tono relativo: es la tonalidad de igual número de alteraciones fijas (armadura) y distinto modo de otra tonalidad dada. Están entre si a distancia de una tercera menor, por ejemplo: Do mayor y La menor.

37. Tonos (o tonalidades) vecinos: se llama así al conjunto de tonalidades respeto de un tono dado, conformado por la tonalidad relativa y las tonalidades con una alteración de más o de menos en relación con la dada.

38. Tríada: acorde de tres notas construido por superposición de terceras (tercera y quinta). Dependiendo de los intervalos puede ser: aumentada, mayor, menor, etc.

39. Timbre: es la cualidad del sonido que diferencia una misma altura cuando es interpretada por instrumentos o voces diferentes.

40. Villancico: es una forma musical que fue muy popular en España y Portugal entre los siglos XV y XVIII. Originariamente eran composiciones profanas con estribillo, a varias voces (vocales y/o instrumentales) y de origen popular, de ahí el nombre.